SECUNDARIA
arquitectura popular

GUÍA DO PROFESORADO

- GUÍA DO PROFESORADO

- OBXECTIVOS 3
- SEGUIMENTO DA UNIDADE 3
1.- ACTIVIDADES INICIAIS 3
2.- ARQUITECTURA ANÓNIMA 4
3.- FACTORES CONDICIONANTES DA ARQUITECTURA POPULAR 4
3.1.- O MEDIO FÍSICO 5
A.- O CLIMA 5
B.- A LOCALIZACIÓN 5
C.- OS MATERIAIS 6
3.2.- O COÑECEMENTO TÉCNICO 6
3.3.- AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS 6
4.- INTEGRACIÓN NO MEDIO 7
5.- A ARQUITECTURA POPULAR ADMITE CAMBIOS DE USO 7
6.- NOVOS E VELLOS CONXUNTOS 8
7.- ACTIVIDADES FINAIS 9

ILUSTRACIÓN: ARQUITECTURA MARIÑEIRA: CASA DO PINCHO

ARQUITECTURA POPULAR

GUÍA DO PROFESORADO

ANTONIO DÍAZ OTERO
RAMÓN LÓPEZ FACAL
ELADIO FERNÁNDEZ MANSO
OLGA PEDROUZO VIZCAÍNO

OBXECTIVOS

1.- Valorar a arquitectura popular como parte esencial do patrimonio arquitectónico a conservar.

2.- Mostrar a racionalidade da arquitectura popular e a súa adaptación ao territorio (Valor "ecolóxico" fronte a intervencións agresivas).

3.- Indicar que a conservación significa unha "posta en valor" do territorio: atractivo, conservación da paisaxe, etc...

4.- Facer ver que para a conservación formal cómpre facer adaptacións axeitadas ás necesidades e usos actuais: necesidade de rehabilitacións.

5.- Destacar que a conservación do patrimonio arquitectónico é unha realidade estendida en todos os países avanzados do mundo.

SEGUIMENTO DA UNIDADE

Nas liñas seguintes pretendemos mostrar as intencións do equipo redactor á hora de plantear as diversas actividades. Non se quere con isto dar unha visión totalmente pechada da unidade, senón aclarar o que subxace a cada unha das tarefas propostas.

1.- ACTIVIDADES INICIAIS

Procúrase con elas introducir o alumnado no tema a través de imaxes nas que se plasman diferentes aspectos que logo se desenvolverán ao longo da unidade. Búscase a explicitación de posturas e a reflexión sobre motivacións e condicionamentos.

a) Trátase dun primeiro achegamento ao que é a súa concepción de vivenda, á súa imaxe dos espazos, dos materiais, etc.

b) Na primeira das diapositivas, **AP-001**, preténdese enfrontalos con catro alternativas para que tomen partido, razoadamente:

1.- Gran casa construída segundo modelos pouco rigorosos
2.- Casa representativa da arquitectura actual
3.- Casa tradicional restaurada
4.- Vivenda de nova construción "sen pretensións"

c) Coa segunda diapositiva, **AP-002**, búscase unha primeira reflexión sobre o abandono do patrimonio e a edificación de modelos novos e alleos.

d) A terceira, **AP-003**, complementa á anterior, buscando o contraste. Presenta o estado anterior e posterior dunha vivenda rehabilitada preto de Chantada.

e) Coa diapositiva **AP-004** mostramos catro formas de arquitecturas populares nunha invitación á reflexión sobre a estreita relación e dependencia que se dá entre medio físico e arquitectura popular:

1.- Tipi Sami, Noruega
2.- Palloza do Piornedo
3.- Poboado acuático en Malaysia
4.- Poboado do País Himba, Namibia

f) Móstranse na diapositiva **AP-005** catro imaxes:

1.- La Alberca (Salamanca)
2.- Monforte de Lemos
3.- Betanzos -visión negativa-
4.- Betanzos -visión positiva-

de conxuntos harmónicos e descoidados para que as valoren e se posicionen diante das mesmas.

2.- ARQUITECTURA ANÓNIMA

Apartado que pretende, esencialmente, facilitar información e introducir o alumnado no concepto de arquitectura anónima. A tal fin, na diapositiva **AP-006** preséntanse catro imaxes de espazos conformados por construcións vernáculas:

1.- Poboado Centroafricano
2.- Rueiro na Terra de Melide
3.- Vivendas na Selva Negra, Alemaña
4.- Rúa na India

Coa diapositiva **AP-007**, a actividade planteada é para coñecer as referencias que manteñen do mundo rural.

1.- Forno e alpendre
2.- Alpendre e hórreo
3.- Ponte
4.- Hórreo e valado

3.- FACTORES CONDICIONANTES DA ARQUITECTURA POPULAR

Entendemos que un dos aspectos que máis deben ser traballados e analizados co alumnado é o da relación entre o medio e a arquitectura popular. Que sexan quen de ver os condicionantes que aquel plantea,

AP-001

AP-002

AP-003

AP-004

AP-005

AP-006

AP-007

as solucións imaxinativas que cada pobo aportou, a sabedoría construtiva que agochan as respostas dadas, son aspectos relevantes que deben ser sobranceados. Cremos que transmitir a idea de que "na arquitectura popular facíase da necesidade, virtude" pode ser un bo punto de arrinque. Por iso lle adicamos un bo feixe de actividades.

3.1.- O Medio Físico

A.- O Clima

AP-008

AP-009



AP-010

A primeira actividade proposta plantéalles aos alumnos e alumnas ter que analizar catro táboas climáticas (A: Cospeito - oceánico-; B: Marsella -mediterráneo-; C: Andermatt -alpino-; D: Lagos -ecuatorial-) tendo que asocialas a outras tantas imaxes da diapositiva **AP-008**:

1.- Interior de Lugo - A : oceánico
2.- Vivenda en Ibiza - B: mediterráneo
3.- Selva Negra - C: alpino
4.- Poboado en Benín - D: ecuatorial

Preténdese que relacionen formas arquitectónicas con climas-tipo.

Ponse, logo, unha actividade nucleada en torno a unha das formas máis singulares da nosa arquitectura popular: a palloza. A tal fin, presentamos a diapositiva **AP-009** coa que queremos que se vexan precisados a efectuar unha serie de exercicios:

- lectura e interpretación dun plano
- correspondencia entre plano e imaxe real
- recreación do espazo interior a través das imaxes facilitadas

Entendemos que a complexidade de labores puidera requerir do profesorado unha guía de realización, e por iso suxerimos pechar máis a actividade. Debemos aclarar que as imaxes **3** e **4** correspóndense cun **cuarto** e co **lar**.

AP-011



Coa diapositiva **AP-010**, e en relación coa palloza formulanse as seguintes preguntas, que pretenden estimular a capacidade de observación e comparación. Trataríase de que visen a similitude de materiais pero tamén a aparición de formas e solucións novas (patíns, soportais, corredores,...) en función do clima doutras zonas de Galicia.

B.- A Localización

AP-012



AP-013



Dúas son as propostas neste subapartado. Coa primeira trátase de que saiban ler a información dunha serie de mapas, presentados na diapositiva **AP-011**, para aplicala, de seguido, á resolución do problema planteado. Deberían ver que a zona primixenia de ocupación da península coruñesa foi a zona onde se asenta a chamada Cidade Vella, ao abeiro dos ventos dominantes, cunha maior cantidade de sol e nunha área lixeiramente levantada que permitía unha doada defensa. Acompáñase a diapositiva **AP-012** que recolle un mapa da Coruña de 1788.

Na diapositiva **AP-013** preséntanse dúas imaxes e un esquema:

1.- Aldea de Seceda, no Courel
2.- Aldea de Froxán, no Courel

Con estas imaxes, acompañadas dun esquema no que se recolle a relación entre as edificacións e o bosque como protección contra os ventos, búscanse varias cousas:

- reflexionar sobre a topografía: a media ladeira estase máis abrigado dos ventos e, ademais, non se ocupan terras do val precisas para o laboreo.
- relacionar sol e orientación: as aldeas adoitan situarse protexidas do norte para recibir unha mellor insolación.
- pensar sobre as solucións aportadas nos agrupamentos rurais: a economía de esforzos é un dos principios que rexía a súa construción (aproveitamento das curvas de nivel).

AP-014

C.- Os Materiais

Quizais sexa este aspecto o máis doadamente detectable polo alumnado. Aprezar os distintos tipos de materiais usados nas construcións recollidas nas catro imaxes da diapositiva **AP-014** non debería presentar problemas: pedra, tella, madeira, lousa, etc...Coas dúas imaxes da diapositiva **AP-015** e coas preguntas formuladas tratamos de que relacionen os materiais construtivos con algunha das características básicas do territorio.

AP-015

3.2.- O Coñecemento Técnico

Non quixemos convertir este apartado nun catálogo dos recursos técnicos cos que se contou nas distintas sociedades e épocas senón mostrar, tan só, a adecuación entre os coñecementos e habilidades técnicas e os recursos facilitados polo medio. Para isto formúlanse varias preguntas estimuladoras da reflexión nesa dirección sobre as catro imaxes que presenta a diapositiva **AP-016**:

1.- Vivenda en Mali
2.- Vivenda palafítica en Benín
3.- Iglú en Canadá
4.- Vivenda vexetal pigmea, en Camerún

AP-016

3.3.- As Actividades Económicas

Tres son as propostas presentadas aquí. Unha primeira, sinxela, busca que relacionen imaxe de vivenda e actividade económica. Para iso póñenselles na diapositiva **AP-017**:

1.- Unha tenda tuareg que responde a un pobo pastoril, nómada
2.- Unha aldea africana formada por chouzas, rodeadas dun valado, e característica dun pobo sedentario

AP-017

A segunda proposta busca, a través da relación entre imaxes e texto, desfacer un dos prexuizos máis arraigados no noso alumnado, a identificación de zonas costeiras con lugares ricos e zonas interiores con lugares pobres e atrasados. Para iso, coas imaxes da diapositiva **AP-018**, estableceuse a relación seguinte:

1.- Zona costeira
2.- Terra Cha
3.- Val do Ulla
4.- Casa da serra

que pon de manifesto que as vivendas máis humildes situábanse, noutrora, en núcleos costeiros.

AP-018

AP-019

AP-020



AP-021

AP-022

AP-023

AP-024

AP-025

A terceira proposta busca un exercicio de empatía e reflexión por parte do alumnado para que, situándose no lugar pedido, sexan capaces de formular os espazos que as súas actividades económicas demandan. Concluiría cunha nova lectura de planos por ver de axustar as casas presentadas ás necesidades por eles antes definidas. A correspondencia entre as plantas e as propostas presentadas na diapositiva **AP-019** é a seguinte:

1.- Vivenda serrana: campesiñado centrado na gandería
2.- Vivenda mariñeira
3.- Vivenda chairega: campesiñado agricultor

4.- INTEGRACIÓN NO MEDIO

Existe práctica unanimidade en que un dos valores fundamentais da arquitectura anónima é a súa integración no medio, até o punto de que chega a formar parte indisoluble do mesmo. Aínda admitindo como certa esta aseveración, parécenos moi difícil transmitir con claridade ao alumnado destas idades o concepto "integración". Por esta razón planteamos somentes dúas series de imaxes que os alumnos e alumnas deben observar detidamente. Cremos necesaria a participación directa do profesorado para guiar a observación sobre aspectos básicos como: materiais empregados, adecuación á topografía do terreo, homoxeneidade das construcións, harmonía ou contraste de volumes,... Con esta observación e a posterior reflexión poñeríamolos no camiño da comprensión do concepto.

Para a primeira serie, diapositiva **AP-020**, escollemos:

1.- Aldea do Ribeiro
2.- Poboado de Kafir Kalash, Paquistán
3.- Poboado en Évora, Portugal. Proxecto de A. Siza
4.- Vivenda actual á beira da estrada, en Galicia.

Na serie segunda, diapositiva **AP-021**, planteamos tres imaxes:

1.- Poboado nun campo de arrozais
2.- Aldea galega
3.- Construcións á beira da estrada, en Galicia.

Debemos indicar que este tema se aborda de modo máis detallado na unidade de Identidade Territorial.

5.- A ARQUITECTURA POPULAR ADMITE CAMBIOS DE USO

Entendemos que o noso achegamento á arquitectura popular non debe ser como o que se efectúa ás pezas de museo. A realidade móstranos que sobre o patrimonio arquitectónico actúase e, desgrazadamente no noso país, con criterios non excesivamente rigorosos. É necesario, polo tanto, introducir o alumnado na problemática das intervencións e das rehabilitacións.

Comézase por plantear unha actividade na que se lles fai reflexionar sobre as novas necesidades xurdidas como consecuencia dos cambios sociais experimentados nos últimos tempos na nosa sociedade rural. De aquí derívase cara as chamadas construcións complementarias ou

anexas e amósanselles na diapositiva **AP-022** exemplos positivos (imaxe **1**) e negativos (imaxes **2**, **3** e **4**).

Introdúceselles, máis tarde, na problemática das rehabilitacións ofrecendo tres exemplos ben diferenciados: o primeiro na diapositiva **AP-023** (imaxes 1 e 2) presenta unha reutilización que deturpa a esencia da arquitectura base; o segundo na diapositiva **AP-024** (imaxes 3 e 4) mostra unha rehabilitación máis pegada á tradición; e o terceiro na diapositiva **AP-025** (imaxes 5 e 6) cunha rehabilitación na que o uso de novos materiais confire unha fasquía diferente á construción. Cómpre aclarar que as vivendas das diapositivas AP-024 e AP-025 non son de grandes dimensións, correspondéndose esta última coa casa da imaxe 1 da diapositiva AP-022.

As preguntas que se lles formulan non pretenden marcar unha liña ou outra de actuación, senón achegalos a diferentes alternativas e suscitar o debate sobre as mesmas.

Por último, móstranselles imaxes de construcións tradicionais sometidas a cambios de uso. Na diapositiva **AP-026**, preséntanse catro imaxes das que a **1** e a **3** correspóndense co exterior e interior da Casa dos Lemos (actual Casa da Cultura) de Chantada, mentres que as **2** e **4** son dunha vivenda destinada a turismo rural. De novo a intención que nos guía é que se debata na clase sobre as vantaxes e os inconvenientes destas intervencións, centrando a discusión sobre se o cambio de uso pode ser ou non un bo camiño para a conservación do patrimonio.

AP-026

6.- NOVOS E VELLOS CONXUNTOS

Entendemos que case toda a reflexión proposta ao longo da unidade ten á vivenda individual ou á construción singular como protagonista. Isto, ao noso entender, deixa de lado un aspecto esencial que é a necesidade de volver a nosa mirada sobre os conxuntos arquitectónicos sexan do rango que sexan, quer aldeas, quer vilas ou lugares.

Dado que a análise dos diferentes niveis ou rangos debe abordarse na unidade de Identidade Territorial, pareceunos interesante centrarnos aquí en poñer imaxes que suscitasen unha primeira reflexión acerca da necesidade da preservación dos conxuntos vivenciais e residenciais. Non se trataría de ver polo miudo o urbanismo destes lugares nin de analizar as peculiariedades de cada tipo de construción senón de centrar a nosa atención na preservación do conxunto en tanto que marco onde vivimos.

AP-027

Para isto móstranselles na diapositiva **AP-027** catro imaxes:

1.- Cudillero
2.- Malpica
3.- Pobo grego
4.- Copenhagen

As imaxes 1, 3 e 4 presentan conxuntos europeos razonablemente conservados e a imaxe 2 mostra outro destrozado.

7.- ACTIVIDADES FINAIS

Só queremos indicar aquí a finalidade que perseguen, que non é outra que o profesorado poida detectar se se produciu algún cambio de actitude sobre as posicións previas. Acódese, por iso, a volver sobre actividades iniciais e sobre outras xa planteadas aínda que en diferentes termos. De terse producido mudanza estariamos en condicións de afirmar que houbo aprendizaxe.

Non hai nesta unidade intento ningún de que o alumnado memorice a tipoloxía da casa tradicional galega nin de que tire a conclusión da necesidade de manter determinados tipos ou solucións arquitectónicas. Hai, pola contra, o intento de que saiba aprezar valores fundamentais conservados e transmitidos ao longo dos séculos pola arquitectura anónima, que cunha escaseza notable de medios, tanto materiais como técnicos, soubo dar resposta axeitada ás necesidades que a vida cotiá ía planteando. Valores como un preciso coñecemento dos materiais e do seu comportamento, unha correcta utilización dos mesmos, unha adecuada integración no medio e un equilibrio sostible -ecolóxico, chamaríamoslle hoxe- que non repercutise negativamente no grupo, unha optimización dos recursos técnicos cos que se contaba, ... serían algunhas das leccións que a arquitectura popular de calquera parte e lugar nos dá. Compriría, pois, transmitir a necesidade de valorala e conservala para seguir aprendendo dela, e non por un afán meramente esteticista, recuperador de formas do pasado.